



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

Datos básicos do centro

NOME DO CENTRO: CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal

ENDEREZO: Rúa do Saber S/N, Santa Cruz (Oleiros) A Coruña

CONTACTO: [CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal | ceip.isidro.parga@edu.xunta.gal](mailto:ceip.isidro.parga@edu.xunta.gal) | 881 88 08 01 (conserxería) / 881 88 08 02 (secretaría)

ETAPAS EDUCATIVAS: Educación Infantil e Educación Primaria

Nº DE UNIDADES: 19

Nº TOTAL ALUMNADO: 448

Nº TOTAL PROFESORADO: 32

1.1. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Oleiros é un concello próximo á cidade da Coruña que foi transformando nos últimos anos as súas zonas rurais en urbanas. Este concello ofrece unha grande oferta de actividades que dá lugar a unha axeitada calidade de vida en materia de medio ambiente, cultura, apoio á terceira idade, conservación do patrimonio histórico, etc., e que incide nun continuo aumento da poboación.

Por outra banda, en Santa Cruz atopamos dous tipos de poboación: unha nova, instalada no concello desde hai poucos anos, e a poboación antiga, que pasou de ser unha poboación rural, adicada case en exclusiva ao agro, a amosarse como unha poboación urbana.

O seu nivel socio-cultural é dunha formación académica e profesional moi diversa; desde un grande núcleo de persoas que contan con estudos universitarios superiores, a outras só con estudos primarios. Constátase a tendencia á alza respecto do nivel académico.

Con respecto aos sectores de traballo, predomina o terciario. Nunha porcentaxe elevada (polo que se refire ás familias do centro) traballan pai e nai fóra da casa. O tipo de vivenda na zona condiciona a chegada de xente cun nivel económico medio-alto.

PROXECTOS DO CENTRO

- **PROXECTO DE MEDIACIÓN ESCOLAR**

Dende fai 6 anos participamos en xornadas de formación en mediación escolar realizadas polo Concello de Oleiros a nivel profesorado e alumnado. O fin de levar a cabo este Proxecto e conseguir unha educación en valores que consideramos fundamentais para mellorar a convivencia no centro e a resolución pacífica dos conflitos. Para elo, formamos mediadores que crean un clima de colaboración básico para o acercamento de posturas enfrontadas. Son os propios alumnos/as quen xestionan o programa de mediación entre iguais.

- **PROXECTO EDIXGAL**

Logo de participar no Proxecto Abalar, no curso 2019/20, O CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal intégrase na rede E-Dixgal para os cursos de 6º de EP nun primeiro curso e 5º e 6º nos seguintes. Dita incorporación implica unha dotación informática específica nas aulas de 5º e 6º e a aplicación dunha nova metodoloxía dixital dentro destas clases. O proxecto terá continuidade no centro durante o vindeiros cursos, nas aulas de 5º e 6º de primaria. Os docentes e coordinadora implicados terán unha formación específica a través da formación específica e voluntaria en cursos ofertados polo CFR e tamén a través das líneas de PFPP solicitadas dende o propio centro educativo. Xa no curso 18-19 realizamos un PFPP sobre aulas virtuais encamiñado a formar ao profesorado que posteriormente traballaría en Edixgal.

No curso de incorporación no proxecto estableceuse unha liña de PFPP de formación edixgal e neste curso tivemos dúas: unha de iniciación para profesorado de nova incorporación e outra de nivel máis avanzado para os que xa están traballando no proxecto e queren ampliar o coñecemento co fin de ampliar o seu uso e todas as funcións e aplicacións que a propia plataforma facilita.

A idea é continuar neste camiño e seguir formando o profesorado.

- **PROXECTO DE HORTO ESCOLAR**

En colaboración do Concello de Oleiros que ofrece educadores especialistas en cultivo hortícolas seguindo o obxectivo de desenvolver as capacidades de investigación e exploración na horta, estimular a capacidade de comunicación e sociabilidade do alumnado do grupo de alumnos e alumnas e fomentar o recoñecemento dos cultivos e sementes- O centro desenvolve o proxecto de horto escolar contando cun pequeno horto no patio de ed. Primaria. Desenvólvese este actividade entre o alumnado de ed. Infantil e primeiro ciclo de ed. Primaria. Este proxecto enlaza perfectamente cun dos proxectos do Voluntariado Miúdo denominado " O camiño dos limpalsidros " (programa de reciclaxe)

- **PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA (22/23)**

Durante o curso 21-22 o noso centro participou neste Programa da Xunta con tres proxectos que abarcaban aspectos distintos dentro da educación en valores que pretendemos transmitir.

O primeiro deles foi a aprendizaxe de **linguaxe de signos** con todo o alumnado do centro. Colaboramos neste proxecto coa escola infantil Abelliñas situada no Concello de Oleiros. Elaboramos vídeos de distintos campos semánticos. Eses vídeos foron difundidos e empregados nas aulas como recurso didáctico para fomentar a aprendizaxe e conseguir así unha maior inclusión a nivel social das distintas diferenzas presentes na sociedade, así como aprender a respectar a todos e todas coas nosa diferenzas que non nos distancian se non que nos enriquecen.

O segundo foi o **traballo da lingua galega coa colaboración de IncrecenTo** (Cans de Terapia asistida). Neste proxecto participa Ed. Infantil e os cursos de terceiro, quinto e sexto nivel de ed. Primaria.

O terceiro proxecto que presentamos é un **proxecto moi ambicioso de Reciclaxe** que inclúe e implica a todo o centro educativo facendo partícipes as familias e a toda a Comunidade Educativa. Consequindo ademais a aprendizaxe da economía circular xa que Reducimos, reutilizamos e reciclamos. Cos plásticos reciclados fabrican mobiliario urbano e ese plástico volve ao centro educativo convertido por exemplo nun Banco da Amizade (banco empregado no programa de mediación como lugar de encontro amistoso). O orgánico empregase no horto escolar e o papel recíclase.

PROGRAMA DE FENDA DIXITAL

O centro educativo está incluído no programa da Consellería para evitar diferenzas e exclusión do alumnado pola falta de accesibilidade os medios tecnolóxicos. Nestes momentos ningún alumno precisou empregar estes equipos pola situación de educación presencial. Nos anos de confinamento total e confinamentos parciais sí foi preciso dotar do servizo a algún dos nosos alumnos/as máis desfavorecidos economicamente.

O noso Plan Dixital do centro está realizado no curso 2021-2022 segundo o establecido na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e

Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Este Plan Dixital elabórase ao amparo da seguinte normativa lexislativa:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021

1.2. Breve xustificación do mesmo

Este Plan encádrase dentro da vontade da Unión Europea de promover o desenvolvemento das novas tecnoloxías nos centros educativos e mellorar a competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado para acadar a adaptación ao contexto dunha sociedade globalizada que implica novos retos para todos e todas. Para tal fin, partimos da seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.3. Proceso de elaboración

Para elaboración deste Plan, creouse un PFPP cun grupo de traballo específico formado polo equipo directivo e o coordinador TIC.

O primeiro paso que se levou a cabo foi a participación do profesorado no cuestionario SELFIE, ferramenta deseñada para axudar aos centros educativos a integrar as novas tecnoloxías na docencia, a aprendizaxe e a avaliación do alumnado.

A continuación, o profesorado participou no TCDD para coñecer o grao de competencia dixital de cada un dos membros do claustro e reflexionar sobre os coñecementos en materia de novas tecnoloxías e poder deste xeito tomar medidas para mellorar dita competencia.

Partindo por tanto dos resultados obtidos nestes cuestionarios, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital reuniuse en varias ocasións para analizar os datos e elaborar o DAFO que amosase as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que afectan ao noso centro educativo. Esta matriz serviunos de base para a definición dos obxectivos a marcar no noso Plan Dixital.

Todas estas actuacións son esenciais para implantar este plan e iniciar así, ano tras ano, un camiño para facilitar o desenvolvemento das competencias do noso profesorado e o noso alumnado en materia de novas tecnoloxías e competencia dixital.

2. Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro conta coas seguintes infraestruturas, equipamento e servizos:

1. – Infraestrutura dixital:

– Infraestrutura de datos (conectividade a internet)- Durante este curso académico 2021/22 mudouse de compañía telefónica (segundo o indicado polo servizo correspondente de Redes) e manteñense os problemas puntuais de conexión tanto na wiffi como na propia rede (cando hai mal tempo).

– Infraestrutura de voz (telefonía) –Temos liña telefónica en Administración – Secretaría – Dirección e Xefatura de Estudos. Así como tamén disponemos de telefonía interna cunha centralita, dispoñendo así de teléfono en todas as aulas e titorías do centro educativo, tanto en ed. Primaria como ed. Infantil para a comunicación interna e para a realización das titorías telefónicas.

– Conexións cableadas nas aulas .A maioría das aulas teñen tamén conexión sen fíos por sistema Wiffi e a rede wiffi de abalar da que dispoñen nas aulas incluídas no Programa Edixgal. Decir que neste curso e no anterior o número de aulas con equipación Edixgal foron 5 debido ao desdoblamento que se fixo por motivos covid no curso 19-20. Nesa aula creada no espazo da aula de informática dispoñen do equipamento Edixgal agás do carro de carga dos portátiles.

– Soporte da Unidade de Atención a Centros (UAC) e Servizo Premium Edixgal.

2.2 – Equipamento:

O noso Centro conta con dous Edificios unidos.

EDIFICIO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Todas as aulas contan con ordenador de sobremesa ou no seu defecto ordenador portátil do centro, proxector, e pantalla dixital. Os altofalantes destas aulas son pequenos e de escasa potencia, Os proxectores necesitan renovacións de lámpadas e filtros, xa que a calidade de visión é limitada. Nunha das aulas a pantalla dixital debeu ser instalada nun carro móbil debido as dificultades de funcionamento das pantallas polas interferencias de ondas.

A aula de Usos Múltiples ten proxector e ordenador portátil do Centro.

Na titoría de Infantil teñen un ordenador portátil e unha impresora do propio Centro.

Estas aulas contaban con ordenadores da Xunta de Galicia (AMTEGA) de entre o 2006 – 2009 que tiveron que retirarse porque xa non funcionaban e non admitían máis actualizacións.

EDIFICIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Hai dous ordenadores na sala de Mestres cambiados recentemente por portátiles do Centro debido a antigüidade dos anteriores e os continuos fallos de conexión. O

ordenador da administrativa é da Xunta de Galicia (AMTEGA) do ano 2015. Hai unha impresora do Centro nesta zona.

Dirección e xefatura de estudos contaban cun ordenador da Xunta de Galicia (AMTEGA) do ano 2016 que tivo que ser reemplazado por outro adquirido polo Centro. O ordenador de Xefatura foi adquirido polo Centro educativo debido os erros de capacidade de memoria que viña dando o anterior.

Equipos na biblioteca (contan con dous equipos: un equipo de sobremesa con conexión a unha impresora adquirida polo centro e un portátil).

Este curso o centro comprou un monitor interactivo instalado sobre un carro móbil para uso de todo o profesorado e recentemente preparado para a realización de videoconferencias. Aínda así é preciso incorporar unha cámara de mellor resolución que facilite as comunicacións.

No primeiro Andar hai 8 aulas, das cales todas contan con cableado de rede que debería ser revisadas as tomas e reemplazadas algunha delas. Estas aulas dispoñen de proxector pero non teñen pantalla dixital. Todos os proxectores son antigos e falla a súa nitidez na imaxe. Algúns xa non chega con cambiar a lámpada xa que teñen máis de 10 anos e teñen unha lente queimada que dificulta a emisión clara das imaxes.

A nosa aula de Informática móbil conta con 25 tablets portátiles da ANPA do colexio. A aula de informática tivo que ser empregada como aula de terceiro ciclo por motivos Covid.

Na biblioteca tamén hai un ordenador de sobremesa da Xunta de Galicia (AMTEGA) do ano 2006 que non funciona ben nin permite actualizacións. Conta con proxector e pantalla despregable, pero non da resposta ás necesidades de proxección de gran grupo na biblioteca.

As aulas deste primeiro andar non contan con pantalla dixital. Os altosfalantes son moi vellos e son os que máis problemas dan á hora de desenvolver as clases. Hai dúas aulas que teñen ordenadores da Xunta de Galicia (AMTEGA) que non podemos actualizar e son moi lentos. En varias aulas debimos retirar os equipos da Xunta de Galicia (AMTEGA) porque non funcionaban e agora contan con dispositivos do centro para desenvolver o proceso de Ensino – Aprendizaxe.

As dúas aulas de apoio de PT – AL deste andar contan con ordenadores pero non teñen nin pantalla nin proxector.

No despacho de Orientación hai un ordenador conectado a impresora.

Hai cableado de rede neste andar na maioría das aulas e hai frecuentes dificultades de conexión a internet por medio da wiffi do centro.

No segundo Andar

Contamos con doce aulas, entre elas están as destinadas a apoio de PT e AL. Destas houbo este curso 5 aulas Edixgal. Todas elas contan con ordenadores, pantalla, e proxector, catro delas con carros de carga. Para o vindeiro curso a previsión e de continuar con 4 aulas Edixgal.

As aulas de PT e AL contan con pantalla dixital e proxector.

Hai cableado de rede neste andar e hai frecuentes dificultades de conexión a internet nas aulas Edixgal nalgúns momentos do curso.

Na aula de música conta con monitor interactivo adquirido polo centro educativo neste curso 21-22 ademais de ordenador de sobremesa bastante antigo. A mestra dispón do equipo de Edixgal.

É preciso elaborar un catálogo TIC que facilite á administración a racionalización destas dotacións – Obxectivo proposto dentro do noso Plan Dixital para o vindeiro curso académico.

- É fundamental actualizar os documentos de xestión de centro e os protocolos do Programa Edixgal, renovando esta documentación do PEC e no NOF.

- A petición de novo equipamento tecnolóxico realizámola a través da UAC e conta co apoio da asesoría abalar da nosa zona.

3. – Servizos dixitais educativos:

- Servizos dixitais educativos corporativos de xestión docente:

- Correo corporativo (ceip.isidro.parga@edu.xunta.gal)
- Páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisidroparga/>)
- Aula virtual:

[\(https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisidroparga/aulavirtual/\)](https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisidroparga/aulavirtual/)

- EspazoAbalar
- Videoconferencias por Cisco Webex – BBB (nas Aulas Virtuais).

4. - Protocolos Educativos

O noso centro desenvolveu un plan de Continxencia e Ensino Virtual onde damos resposta ás necesidades do noso alumnado dentro do programa de Fenda Dixital. Ligazón ao Documento. http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisidroparga/?q=system/files/PLAN%20ENSINO%20VIRTUAL%20DEFINITIVO%20falta%20inf_0.pdf

5.- Xestión e mantemento do Equipamento de Centro.

O coordinador TIC é o encargado de realizar as labores de xestión e mantemento de todo o Equipamento do centro, xestionar incidencias, realizar actualizacións, solucionar problemas técnicos... Ademais, o centro conta cun técnico externo a cargo do propio centro que apoia este servizo, xa que a atención das incidencias dos equipos tan antigos o fan imprescindible. Neste curso as incidencias tardaron moito en ser resoltas motivo polo que nos plantexamos o cambio de servizo técnico. As horas dispoñibles para a coordinación non permiten resolver tódalas incidencias.

2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3.3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	3.8				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.1				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	3.4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	3.7				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>23</u>	<u>26</u>	<u>88.5%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>5</u>	<u>7</u>	<u>71.4%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
62.3	<u>Explorador/a (A2)</u>	76.4	<u>Integrador (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	<u>56</u>	<u>Explorador (A2)</u>	68.2	<u>Integrador (B1)</u>
Pri.	<u>62</u>	<u>Explorador (A2)</u>	77	<u>Integrador (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>3.1%</u>
A2	<u>18</u>	<u>56.3%</u>
B1	<u>12</u>	<u>37.5%</u>
B2	<u>1</u>	<u>3.1%</u>
C1		
C2		
TOTAL	<u>32</u>	<u>100%</u>

2.2. Análise DAFO

	INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. O centro dispón de dispositivos dixitais para o ensino e a aprendizaxe (E-Dixgal, tabletas, pizarras dixitais...)	1.º Non dispoñemos de ningún repositorio en liña ou biblioteca para compartir recursos.
	PERSOAL DOCENTE	1. O profesorado amosa interese e participa para contribuir ao seu desenvolvemento profesional continuo. 2. O procesorado utiliza recursos dixitais en liña para mellorar o proceso de ensino - aprendizaxe. 3. Existe unha boa comunicación coa comunidade educativa.	1.Poderían levarse a cabo máis proxectos interdisciplinares pero non se fan por falta de tempo.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. Dispoñen de dispositivos dixitais e acceso a Internet	

		na casa case na súa totalidade.	
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<ol style="list-style-type: none"> 1. Non dispoñemos dunha estratexia dixital, soamente do Plan de ensino virtual 2. Non existe colaboración con outros centros por falta de tempo.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. A Administración educativa contribúe na mellora dos dispositivos dixitais do centro educativo.	1. A carga lectiva non permite dispoñer de tempo para explorar o ensino vidual.
	LEXISLACIÓN		<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe coñecemento sobre as normas de dereitos de autor e licenzas de uso pero non se leva á práctica todo o que se debería. 2. Existe coñecemento sobre a protección de datos pero non se leva á práctica todo o que se debería. Ademais, existen moitas dúbidas con respecto a diferentes aspectos.
	CONTORNA		
	ANPA	1. A ANPA colabora co centro educativo aportando financiación para a compra de dispositivos dixitais.	
	OUTRAS ENTIDADES	1. O centro educativo colabora con outras organizacións como a UDC para levar a cabo proxectos comúns.	

Plan de Acción

Pretendemos conseguir mellorar a nosa formación e a formación do noso alumnado nas competencias TICS. A idea é que esas propostas sexan efectivas e reais, encamiñadas a mellorar o noso centro educativo..

2.3. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: E Pedagogía – Apoios e recursos F Pedagogía – Implementación na Aula							
OBXECTIVO 1: (1)	Creación dun espazo común para compartir materiais (repositorio en liña)					Acada- do	
Responsable:	Equipo TIC					Non acada- do	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de titores que comparten materiais e recursos en liña (Instrumento: repositorio en liña)						
Valor de partida: (3)	2% do profesorado comparte materiais e recursos en liña						
Valor previsto e data: (4)	50% do profesorado comparte materiais e recursos en liña				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVIS- TA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Formar ao profesorado na utilización do repositorio en liña.	Persoa coordinadora TIC	1/11/22			Realiza- da		
					Apraza- da		
					Pen- dente		
AO1.2: Creación do repositorio en liña.	Persoa coordinadora TIC	1/11/22	Plataforma para crear o repositorio en liña		Realiza- da		
					Apraza- da		
					Pen- dente		
AO1.3: Dinamizar a participación compartindo recursos e materiais.	Equipo directivo. Persoa coordinadora TIC	30/06/23	Plataforma para o repo- sitorio en liña		Realiza- da		
					Apraza- da		
					Pen- dente		

"Área/s de mellora": LIDERADO (A) E INFRAESTUTURAS E EQUIPOS (C)						
OBXECTIVO 2:	Coñecemento sobre os dereitos de autor, as licenzas Creative Commons e o dereito de cita.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo - Equipo do Plan Dixital (EPD)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Coñecemento e cumprimento das normas de protección de datos e dereitos de autor.					
Valor de partida	0% do profesorado indica a licenza nos materiais que utiliza ou crea.					
Valor previsto e data	30 % do profesorado indica a licenza nos materiais que utiliza ou crea.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVIS- TA FIN	RECURSOS NECESA- RIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Formación a través do PFPP para o profesorado sobre dereitos de autor, licenzas CC e dereito de cita.	Equipo Directivo Equipo Plan Dixital	Primeiro trimestre.	PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Elaborar infografías con todas as opcións relacionadas cos dereitos de autor para facilitar a clasificación.	Equipo Plan Dixital	Primeiro trimestre.	Material Dixital Material Funxible		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Acceso e uso das infografías por parte do	Equipo Docente	Xuño 2023	Creacións Dixitais		Realizada	

profesorado e alumnado.					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA. IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)

OBXECTIVO 3:	Fomentar o desenvolvemento de proxectos interdisciplinares.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadores do proxecto				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Grado de participación do profesorado no proxecto que se presente para o curso 22/23 (Instrumento: produto final)					
Valor de partida	50% de participación do profesorado					
Valor previsto e data	100% de participación do profesorado					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Elección do proxecto a levar a cabo	Coordinadora Plan Dixital e Coordinadora do proxecto	30/05/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Inscripción no Plan "Polos creativos"	Coordinadora Plan Dixital e Coordinadora	10/06/22			Realizada	
					Aprazada	

da Xunta coa presentación do	do proxecto				Pendente	
A03.3: Creación do grupo coordinador da actividade	Equipo directivo	31/06/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Creación do espazo no que se desenvolverá a actividade	Equipo directivo	01/09/22	Espazo do centro e materiais necesarios para a realización do proxecto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.5: Desenvolvemento do proxecto	Todo o profesorado	05/23	Espazo do centro e materiais necesarios para a realización do proxecto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.6: Presentación do produto final do proxecto	Todo o profesorado	06/23	Espazo do centro e materiais necesarios para a realización do proxecto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.7: Elaboración da memoria do proxecto	Grupo de traballo coordinador do proxecto	06/23	Produtos finais elaborados por cada grupo de alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

2.4. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O noso Centro conta con dous Edificios independentes.

EDIFICIO DE EDUCACIÓN INFANTIL

	Dotación	Necesidade	Finalidade
Infraestrutura	As seis aulas contan con proxectores, pantallas e equipos informáticos.	Monitores interactivos con cable HDMI para o ordenador. Formación do profesorado no uso das pantallas dixitais para sacarlle o máximo partido a todos os seus beneficios	Mellorar a transmisión de información e a presentación da mesma. Facer o ensino-aprendizaxe máis dinámico, manipulativo e motivador.
Equipamento	- Seis aulas de docencia - Aula de Usos Múltiples contan con proxector, pantalla e equipos informáticos adquiridos polo centro fai dous cursos	Monitores interactivos con cable HDMI para o ordenador.	Facer o ensino-aprendizaxe máis dinámico, manipulativo e motivador.
Servizos dixitais	Servizo de traballo cooperativo entre mestres nunha nube dixital para compartir información de maneira segura.	Precisamos traballar colaborativamente e non é posible coas ferramentas actuais.	Empregar o tempo de xeito efectivo para o noso traballo e coordinación.
	Aulas Virtuais	Potenciar o uso das Aulas Virtuais no proceso de Ensino – Aprendizaxe en Educación Infantil.	Mellora das competencias dixitais

EDIFICIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	Dotación	Necesidade	Finalidade
Infraestrutura	RAC situado en conserxería	Unificación nun moble único con etiquetado de cableado	buscar unha organización axeitada para o seu bo e doado mantemento.
	Mellora de Cableado de Rede nas Aulas	Cambiar as tomas dalgunhas das aulas de docencia, que non son Aulas Edixgal, do primeiro e segundo Andar:	Mellorar a calidade e cobertura de rede.

Equipamento	<p><i>Contamos con ordenadores de entre 2006 – 2009 apartados das aulas porque non admiten actualizacións nin funcionan.</i></p>	<p><i>ordenadores e os seus periféricos. Necesitamos a renovación dos mesmos para incorporalos nas aulas e renovar tamén os doados e os mercados polo colexio.</i></p>	<p><i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe e mellorar a competencia dixital docente.</i></p>
	<p><i>Ordenadores da Xunta antigos que non teñen a capacidade suficiente nin a velocidade axeitada:</i></p>	<p>Algún equipos informáticos e os seus periféricos.</p>	<p><i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe e mellorar a competencia dixital docente.</i></p>
	<p><i>Pantallas , proxectores e altofalantes nas aulas que non proporcionan calidade de imaxe e son.</i></p>	<p>Monitores interactivos nas 18 aulas de docencia (incluíndo Aulas de PT, Usos Múltiples, e docencia directa)</p>	<p><i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe e mellorar a competencia dixital docente.</i></p>
	<p><i>Aula de Informática ocupada nestes momentos por unha titoria</i></p>	<p>Precisamos reconvertila nun espazo de uso tecnolóxico adaptado aos novos tempos.</p>	<p><i>Mellorar o proceso de Ensino – Aprendizaxe e mellorar a competencia dixital docente e desenvolver as competencias dixitais e traballo colaborativo.</i></p>
Servizos dixitais	<p><i>Servizo de traballo cooperativo entre mestres nunha nube dixital para compartir información de maneira segura.</i></p>	<p><i>Trabalamos colaborativamente e non é posible coas ferramentas actuais.</i></p>	<p><i>Precisamos un espazo virtual que permita ao profesorado compartir documentos para un traballo coordinado de xeito seguro.</i></p>
	<p><i>Aulas Virtuais creadas en todos os niveis de EI, 1º 2º 3º e 4º de EP Aulas Edixgal traballar os contidos en rede propios.</i></p>	<p><i>Impulsar na Comunidade Educativa o uso das Aulas Virtuais no proceso de Ensino – Aprendizaxe en Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria. Fomentar a elaboración de materiais propios en tódolos niveis educativos</i></p>	<p><i>Mellora das competencias dixitais Adaptación dos contidos o currículo e a sociedade actual.</i></p>

4. Avaliación do plan:

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- **Avaliación procesual:** a realización de cada plan de acción revisarase, como mínimo, unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- **Avaliación final:** realizarase ao final do curso . Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora, así como os plans de acción para o vindeiro curso. De xeito que este plan sexa un elemento vivo en constante actualización.

5. Difusión do plan:

O protocolo para a publicidade e difusión do plan entre toda a comunidade educativa incluírá o seguinte proceso:

Comunicación ao órganos colexiados:

- CCP (aportación de ideas para elaboración do plan e información do mesmo)
- Claustro (presentación, aportación de ideas e valoración).
- Consello Escolar (presentación, valoración e aprobación).

Publicidade na Web do centro no apartado de documentos.

AbalarMobil: comunicación do enlace ao documento.

Oleiros, xuño 2022.